



O XUÍZO DO PRESTIGE ▼ hai 18 horas | [Movementos sociais](#)

Xosé Vázquez Pintor

Señor Conselleiro Ex

Elas/Eles non eran desertores. Non perdíamos a terramar de noso, non era a ruína: era a cuarta fe do catastro (vostede nunca diría catástrofes). **Pasaba o *Prestige* cangado dos anos da ferralla e do fuel-oil; abeirando as nosas vías de auga nutricia que entregan os ríos para que o mar da casa sexa tamén alimento e marabilla, coma sempre foi e por acaso sempre será.** Vexo arestoras na noite do domingo dezasete de novembro a imaxe de don Enrique César López Veiga na páxina do xornal: ceo ao fondo, brazos en acougo, sorriso cara ao alén. Un amigo dos tempos e das palabras que virán. Leo paseniño: "Lo que hizo la oposición fue una canallada"; "confundieron de una manera perversa y maliciosa a la opinión pública".

Abonda, meu señor. Enchufo a memoria e estamos a María e máis eu, nun daqueles primeiros días do abatemento, no peirao de Corcubión: atmosfera azul, sete coches do normal e un grupo de persoas que palabrean por acaso do marea neghra que pode vir xa. Aí está oportuno, como debe ser, o que fora Conselleiro de Pesca no desastre do *Prestige*. Albricias no noso interior: non hai deserción, alomenos está alguén da Casa. **A tarde vai en serio. Ao lonxe o *Prestige* navega como pode e deixa en aviso da tripulación a palresía do ventre contra o furor do mar que na Fisterra é un grito de cabo e de luz.** Desaparecen nun tris do tempo os homes e "fomos ficando sós..."(Manoel Antonio).

De regreso a Cangas acontece o enigma, a turbación, a posta do sol que endexamáis renuncia. O Morrazo escoita; e por acaso olla Ons e Cíes, eses peitos de granito que non cesan de acougar e seren así gabeiros, niños de aves, pouxa e recalada das atmosferas da vida en marcha, fachos, esperas, alimento, regresar. **Pasan as horas, minguan os días, navega o tempo do reloxo e das buguinas; acontece a noite. O barco vén xa ferido de morte. E don Manuel, e e e e e eh? Que facer? Deixa que xa! Lembramos as frases nobres e solidarias: "al quinto pino".** Aborrece o mar, medra o solpor. O barco xa é a noite toda en si. E velaí vai "cabo do pinal espeso..."(Eduardo Pondal). Núbrase o paraíso do desgoverno e asubían as aves cando fede o aire e o mar. O mundo do planeta sabe así do ghalipote que vén de lonxe e que xa é galego do universo. Berran as voces

dende as distancias. Os informativos son de todos os idiomas. O humanismo ceibe, culto, solidario, amigo, escoita, sabe e chega, achega, entra na maré, tisna de voz rouca e de cariño en medras os seus ollos densos; confunde as mans, arrinca en madas o mar neghro, entrega a oferta solidaria ata o cansazo; senta e comunica coas distancias familiares da nai, pai, esposa, esposo, irmáns, fillas, fillos, netos, avós...

O mundo do Prestige. A *Neghra Noite* (Rosalía). **A Xunta é un ninguén. Madrid mídesse en vocación e vacacións de légoas, lonxe, lonxe; tal señor dos asubiotos que fan rir por non chorar.** A estampa para *Nunca máis* repetir e repetir e repetir. Abonda xa, señor ex Conselleiro. Apague de vez o sorriso cando fale da "catástrofe" e dígnese antes, moito antes, repasar e saber daquelas tantas horas amargues, duras, moi duras. Non fala vostede para Galiza, fala para o Mundo Solidario que nos entregou as mans da vida en obra e deunos a esperanza de sermos canda elas/es ese Universo tan feliz de nos saber estar, vivir e proseguir. Non hai amargor.

E déixolles unha anécdota con recado, tamén para vostede: pasado case un ano ano da traxedia do *Prestige*, nunha viaxe polos Pirineos, cadramos en Sort nunha praza ben fermosa. Unha taberna de antigo con moita xente, que semellaba un convivio de palabra xuvenil, amosaba na parede da frontal a bandeira de *Nunca Máis*. Antes de saír quixemos agradecer aquela mostra de respecto e de cariño. "*La ha traído nuestra hija, que pasó las vacaciones de navidad y de año nuevo allá en su tierra. Cuando nos pidió un sitio visible para colocar la bandera nos costó el tiempo de una reflexión para concederle el espacio preferente que ella quiso. Nunca entendimos como aquellos gobernantes abandonaban a su suerte la maravilla y la riqueza de tanto mar. Hoy nuestra hija ya es veterinaria. Y por ella está la bandera. Y estará, a ver*". Sorríu coa sorna ergueita, pirenaica; e despedímonos con dous bicos e o sorriso da sorte e do cariño, que tal era o seu fogar.

Poema Neghro (Mancamellemar, in memoriam)

23 de decembro 2002. SEARA-Obra Poética. Espiral Maior. Poesía.

Non sei quen salabarda arestora todo o mal/que cadra neste barco interior dos malferidos/pola Historia e os encontros dos outros capitáns/levando a nao na noite de Fisterra en alzas/neghras dos océanos que transbordan a morte./Non sei quen peta na porta do Roncudo sempre/vindo sellado de corvos e alcatrán e a forza/revirada cara ás pedras da Costa da Vida./Por acaso un lobo matarife das especies/que nunca voga e que desarma a viaxe do arroás/e a dos alcriques, o vó das aves que se anuncian/no mencer das Illas: recaladas do torbón/que rompe o rostro no narís do Cabo e os Coídos./**Quero para min só o corpo e alma do delito/nesta tarde das esperas, cando a furia atende/tamén en Cabo Home co bichero para a ardora:/veñen os marraus de sete traxes no bidón/do ghalipote para arder:** que antes beban lóstregos/da Terramar mancada e se afoguen na ardentía/e no profundo os teña o barco consigo, amarre/as culpas no estribor da fenda e tisne de vez/as fauces da soberbia se é que aboian cabezos/da usura e o desleixo e a rapiña..., agora sei!

